



## CONCELLO DE SANTIAGO

### RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 11 DE MAIO DE 2020

#### LICENZAS

##### FAVORABLES.-

**LIC/2130/2019.-** . - Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza ao proxecto básico para ampliación e reforma de vivenda unifamiliar no LG Larañiño, 36.

#### 2.- Adopción de medidas en relación coa crise sanitaria provocada por mor do "COVID-19".

- Apróbase a instrución sobre medidas e liñas de actuación para a reincorporación presencial do persoal municipal, que ten por obxecto servir de marco xeral que garanta homoxeneidade nos distintos servizos públicos do Concello, á hora de establecer medidas de carácter preventivo, para evitar os riscos do COVID-19 no momento de reincorporación aos centros de traballo. A reincorporación do persoal aos seus centros de traballo producirase de maneira gradual, de xeito que se manteñan as condicións de seguridade e farase en catro etapas ou fases.

Ao mesmo tempo, manterase a flexibilidade horaria. Dende o día 11 de maio con obxecto de limitar os contaxios, cada xefatura de servizo terá a posibilidade de ofrecer a aquel persoal que voluntariamente queira acollerse, a realización duns horarios de traballo diferenciados ou escalonados comprendidos dentro do tramo horario de 8h a 20h. O horario será con carácter preferente de 8 a 15h, e excepcionalmente poderase autorizar de 15 a 20 horas. De cara a facilitar a conciliación familiar, nas medidas de flexibilidade horaria terán preferencia na elección as persoas que teñen a custodia de menores ou maiores a cargo.

Ademais, adoptaranse as medidas necesarias para dar cumprimento ao documento sobre medidas preventivas xerais para garantir a separación entre traballadores fronte ao COVID-19 do Ministerio de Traballo así como as súas posibles actualizacións e as boas prácticas que o Ministerio de Sanidade recomienda. Tomaranse as medidas adecuadas para manter o distanciamento social, incluso coa instalación de mamparas, barreiras de separación e outras formas de delimitación de distancias, se fose o caso. A maiores, deberase organizar o traballo de modo que se reduza o número de persoas traballadoras expostas, establecendo regras para evitar e reducir a frecuencia e o tipo de contacto de persoa a persoa.

- **Convalidación de contratos.** Acórdase convalidar os contratos adxudicados mediante tramitación de emergencia (destinados a tickets especiais de compra), e de conformidade coa habilitación conferida pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 13/03/2020, que se indican a continuación.

- Alcampo, por un prezo máximo de 20.000 euros IVE incluído.
- Distribuciones Froiz, por un prezo máximo de 10.000 euros, IVE incluído.

- Acórdase ratificar o **decreto de terrazas**, asinado polo Alcalde o pasado 8 de maio, no que se autoriza, polo prazo inicial de catro meses, prorrogables en función da evolución da crise sanitaria polo COVID19, o incremento da ocupación do dominio público con mesas e cadeiras polo espazo imprescindible para facer factible a instalación do 50% das mesas permitidas nas respectivas licenzas do ano 2019.

Os establecementos hoteleiros deberán cumplir, ademáis das condicións establecidas nas súas respectivas licenzas, as condicións sanitarias e de saúde pública en vigor. Entre elas manter, en todo caso, a distancia física de dous metros entre as mesas ou agrupacións de mesas. Tamén deben manter esa distancia de dous metros coas entradas dos portais de acceso ás vivendas, coas entradas dos locais comerciais con actividade, e cos pasos de tránsito peonil.

Co obxectivo de simplificar a tramitación, vaise articular, para as empresas hosteleiras e de restauración que demanden a ampliación das terrazas, unha autorización de ocupación vinculada á concesión da liceza vixente do ano 2019. A autorización ten carácter excepcional e temporal, e quedará sen efecto en caso de incumprimento das condicións, ou requerimento de acceso, así como prestación de servizos públicos ou de primeira necesidade. Tamén quedará anulada en caso de que a súa efectividade sexa contraria a posteriores Ordes ou Instruccións dictadas polo Goberno Central, ou no caso de que decaia a causa que a xustificou.

**3.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza ao proxecto básico para ampliación e reforma de vivenda unifamiliar no LG Larañiño, 36. LIC/2130/2019.** Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza ao proxecto básico para ampliación e reforma de vivenda unifamiliar no LG Larañiño, 36.

**4.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á actuación no arrendamento da Rúa do Medio, nº 65-baixo.** Acórdase outorgar á arrendataria unha prórroga excepcional de 6 meses solicitada para permanecer na referida vivenda ata febreiro de 2021 inclusive, durante os cales se seguirán aplicando os termos e condicións establecidos para o contrato en vigor.

**5.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aprobación do expediente "Prestación do servizo de intervención arqueoloxica mediante sondaxes valorativas no proxecto de acondicionamento exterior do castelo de A Rocha Forte (A Rocha, Santiago de Compostela), actuación cofinanciada polo FEDER no marco do programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020"; aprobación do gasto e apertura do procedemento de adxudicación.** Acórdase a aprobación do expediente, así como a aprobación do gasto correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto simplificado, establecéndose un tipo de licitación de 24.956,20 euros, IVE aparte (21%, que ascende a cantidad de 5.248,80 euros)

**6.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos.** Acórdanse os seguintes recoñecementos extraxudiciais de crédito:

- Gastos derivados en concepto de mantemento de ascensores das distintas dependencias municipais durante o primeiro trimestre de 2020 e aprobación de indemnización susbstitutiva a favor de varias empresas por importe total de 2.378,98 euros.
- Gastos derivados en concepto de servizos de mantemento de aplicacións informáticas (aplicativo Sicalwin) entre o 12 de febreiro e o 11 de abril de 2020 e aprobación de indemnización susbstitutiva a favor da empresa "Aytos. Soluciones Informáticas SLU", por importe de 4.229 euros.
- Gastos de apuntalamiento na cuberta e alugueiro de estruturas (cerchas) para a estabilización do edificio da Casa das Máquinas por importe de 7.085,76 euros a favor de "Estructuras especiales RH S.L.".
- Gastos derivados da subministración de gas e gasóleo en edificios e instalacións municipais nos meses de xaneiro e marzo de 2020 e aprobación de indemnización substitutiva a favor de varios provedores por importe de 8.530,88 euros.
- Gastos derivados en concepto do servizo de limpeza en instalacións municipais (Centro Xove e contedores hixiénicos no Teatro Principal) no mes de febreiro de 2020 e aprobación de indemnización substitutiva a favor da empresa "Iss Facility Service, S.A.") por importe de 626,34 euros.
- Gastos derivados en concepto do servizo de mantemento de copiadoras instaladas en edificios e dependencias municipais durante o mes de marzo de 2020 e aprobación de indemnización substitutiva a favor de varios provedores por importe de 308,33 euros.

- Gastos derivados en concepto do servizo de mantemento de sistemas de seguridade en edificios e dependencias municipais durante os meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2020 e aprobación de indemnización substitutiva a favor da empresa “Sistema de Seguridade A1 S.L.” por importe de 1.941,29 euros.
- Gastos derivados en concepto de conservación, reparación e pequenas reformas en edificios e dependencias municipais durante o mes de marzo de 2020 e aprobación de indemnización substitutiva a favor de varios provedores por importe de 13.596,24 euros.
- Gastos derivados de diferentes servizos en concepto de mantemento de copiadoras instaladas en edificios e dependencias municipais durante os meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2020 e aprobación de indemnización substitutiva a favor de varios provedores por importe de 1.711,03 euros.
- Gastos derivados de diferentes servizos en concepto de conservación, reparación e pequenas reformas en edificios e instalacións municipais durante os meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2020 e aprobación de indemnización substitutiva a favor de varios provedores por importe de 3.544,86 euros.
- Gastos derivados da suministración de gas e gasóleo en edificios e instalacións municipais nos meses marzo e abril de 2020 e aprobación de indemnización substitutiva a favor de varios provedores por importe de 13.051,38 euros.
- Gastos derivados en concepto de mantemento de ascensores en edificios e instalacións municipais durante o mes de marzo de 2020 e aprobación de indemnización substitutiva a favor de varios provedores por importe total de 1.760,95 euros.
- Gastos derivados en concepto de mantemento de sistemas de seguridade en edificios e instalacións municipais durante o mes de abril de 2020 e aprobación de indemnización substitutiva a favor de “Sistema de Seguridade A1” por importe total de 7.607,73 euros.

**7.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais e Saúde relativa á resolución de incidencias de bolsas de comedor e actividades extraescolares da convocatoria do período 2019-2020.** Acórdase modificar o importe total das concesións aprobadas nas sesións da Xuntas de Goberno de data 13/11:

- aprobar a renuncia a actividades extraescolares presentada por unha particular coa empresa “Actividades Lúdicas Galicia”, que accede a outra modalidade de actividades, polo que se minora o importe percibido en 31,5 euros
- Aceptar cambio de entidade colaboradora con efectos dende o 1 de febreiro que pasa a ser “Alimentación Saludable Gallega”.
- Acórdase a redución das modificacións das concesións en 31,5 euros (pasan de 578.519,10 euros a 578.487,60 euros)

**8.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa ao restablecemento e modificación dos prazos de admisión nas escolas infantís municipais de Conxo, das Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños para o curso 2020-2021.**

Apróbase a proposta de restablecemento e modificación dos prazos de admisión nas Escolas infantís Municipais de Conxo, das Fontiñas e Meixonfrío-Salgueiriños, para o curso 2020-2021, que se realizará entre **o 13 de maio e o 22 de maio de 2020**.

O sistema para a presentación de solicitudes será (a escoller)

- Polo rexistro, de forma telemática, seguindo os pasos da dirección web <https://rec.redsara.es/registro/action/acceso.do>.
- Polo rexistro do Concello de Santiago, pedindo citra previamente no teléfono 981 54 31 22
- Por correo electrónico en [dptoeducacion@santiagodecompostela.gal](mailto:dptoeducacion@santiagodecompostela.gal). Deberán indicar no asunto: SOLICITUDE PRAZA REDE E.I.M. CURSO 2020/2021

O prazo de presentación de solicitudes de novo ingreso será do 13 ao 22 de maio de 2020.

**9.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa ao restablecemento dos prazos de admisión e matrícula na Escola Municipal de Música de Santiago de Compostela para o curso 2020-2021.**

Apróbase a proposta de restablecemento dos prazos de admisión nas Escola Municipal de Música, para o curso 2020-2021, que se realizará entre o **18 de maio e o 5 de xuño de 2020**.

O sistema para a presentación de solicitudes será (a escoller)

- Polo rexistro, de forma telemática, seguindo os pasos da dirección web <https://rec.redsara.es/registro/action/acceso.do>.
- Polo rexistro do Concello de Santiago, pedindo citra previamente no teléfono 981 54 31 22
- Por correo electrónico en [dptoeducacion@santiagodecompostela.gal](mailto:dptoeducacion@santiagodecompostela.gal). Deberán indicar no asunto: SOLICITUDE PRAZA EMM CURSO 2020/2021

O prazo de presentación de solicitudes de novo ingreso será do 18 de maio ao 5 de xuño de 2020. No caso de haber máis solicitudes que prazas realizarase un sorteo público o 16 de xuño.

**10.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente relativa á orde de continuidade do "Servizo de mantemento, conservación e mellora dos espazos verdes e arbolado urbano do Concello de Santiago de Compostela".** Acórdase dar orde á empresa CESPA, actual adxudicataria do contrato de xestión por "Servizo de mantemento, conservación e mellora dos espazos verde e arborado urbano" nas mesmas condicións baixo as que o viña facendo de conformidade co contrato anterior , que finalizou o 30 de abril, e polo tempo imprescindible para adxudicar un novo contrato que se estima nun período máximo de 9 meses.

**11.- Dar conta das actas do Centro de Coordinación Operativo Local (CECOPAL).** Dase conta

**URXENCIAS**

**-Proposta para a convalidación do expediente de crédito extraordinario nº 2020-CREXT-03 por importe de 1.145.754,55 euros, financiado co remanente líquido de tesourería para gastos xerais do concello do ejercicio 2019 coa finalidade de atender gasto social ao amparo do réxime excepcional habilitado polo artigo 3 do Real Decreto Lei 8/2020, de 14 de marzo, e de conformidade co previsto no Real Decreto Lei 11/2020, de 31 de marzo.** Apróbase este expediente de crédito. A habilitación do crédito extraordinario de 1.145.754,55 euros de quedaría da seguinte forma:

- Gasto total capítulo II: 238.694,15 euros
  - Servizo de atención ás persoas sen fogar (servizo de limpeza): Crédito definitivo: 4.000 euros.
  - Servizo de atención ás persoas sen fogar (servizo de vixilancia e seguridade): Crédito definitivo: 13.600 euros.
  - Servizo de atención ás persoas sen fogar (póliza de seguro): Crédito definitivo: 200 euros.
  - Servizo de atención ás persoas sen fogar. Crédito definitivo: 169.566,55 euros.
  - Servizo temporal e extraordinario de axuda no fogar durante o estado de alarma: Crédito definitivo: 51.327,60 euros.
- Gasto total capítulo IV: 907.060,4 euros
  - Programa de adquisición de alimentos e produtos de hixiene básicos para persoas en situación de vulnerabilidade social. Crédito definitivo: 815.850 euros.

- Servizo de comedor aos nenos e nenas beneficiarias das bolsas de comedor. Crédito definitivo: 82.500 euros.
- Subministración de medicamentos a persoas en situación de vulnerabilidade social. Crédito definitivo: 6.000 euros.
- Servizo de bono datos (corresponde 70 liñas de telefonía móvil con bonos de datos de 60 GB para facilitar a aprendizaxe de determinado alumnado de Primaria do Concello de Santiago de Compostela durante os meses de maio e xuño). Crédito definitivo: 2.710,04 euros.

Esta cantidade de 1.145.754,55 euros procede da liquidación do orzamento de 2019. Nesa liquidación dedúcese que o concello tería unha capacidade de gasto adicional de 13.710.957,62 euros. Desta cantidade, acordo co informe do departamento de Intervención, 6.714.898,55 quedan bloqueados, ao ser o cálculo de previsión de minoración de ingresos ao longo do ano 2020. A maiores, o departamento de intervención, constata que desde que comezou a crise sanitaria se efectuaron gastos extraordinarios por importe de 1.533.918,79 euros que deben ser provisionados. A parte que quedaría dispoñible sería 5.728.772,73 euros. Dacordo co decreto do Estado de Emerxencia, o Concello pode dispor de 1.145.754,55 euros para gastos sociais derivados do Estado de Emerxencia. Este 1.145.754,55 euros non é aplicable ao gasto xa producido. É aplicable aos gastos contabilizado a partir de agora, nos capítulos II e IV arriba desglosados.

**-Informe-proposta relativa a que se acorde a sinatura do convenio de colaboración entre a consellería de Política Social, o concello de Santiago de Compostela, e a Fundación “La Caixa”, para o desenvolvemento do programa “Caixaproinfancia”.** Acórdase dar luz verde á proposta de aprobación do texto convenio de colaboración, que estará en vigor durante un período de tres anos a contar desde o día da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021, estendéndose os seus efectos desde o 1 de xaneiro de 2019. Este texto é unha prórroga do que se ven desenvolvendo desde 2016, modificándose para adaptalo ás novidades que se produciron na lexislación, en materia de protección de datos, así como para dotalo dunha maior estabilidade temporal.

O obxectivo do programa “Caixaproinfancia”, coordinado pola Asociación Arela, é romper o círculo de pobreza hereditaria que afecta a menores en situación de exclusión social, garantindo o seu acceso a oportunidades educativas de calidade e traballando en rede e coordinación co Departamento de Servizos Sociais do Concello de Santiago. Os servizos integrados no programa son reforzo educativo, lecer e tempo libre, apoio educativo familiar, atención psicoterapéutica e promoción da saúde. O concello colabora co programa mediante a cesión dun espazo no que se desenvolven estas actividades, un inmóvel situado no barrio das Fontiñas.

**-Informe-proposta do Centro Xestor 34 de Promoción Económica, dependente da Alcaldía, relativo á realización dunha corrección de errores no Anexo I do expediente de aprobación do “Programa de Axudas a empresas para a reactivación económica Compostela Móvese 2020 COVID19” aprobado en Xunta de Goberno Local de 8 de maio de 2020.** Apróbase a corrección co obxectivo de ampliar as axudas e que se inclúan as microempresas de menos de 11 traballadores (no anterior texto eran de menos de 6 traballadores)

**-Proposta de imposición á empresa “Zona de obra O Rosal SLU”, unha sanción de 1.218 euros polo atraso de 25 días acumulado na execución das obras para a dotación dequipamentos de ocio en Lavacolla.** Acórdase a imposición da sanción.

**-Informe-proposta relativo á modificación do prazo de solicitudes de subvención a festas patronais do Concello de Santiago de Compostela 2020.** Apróbase a modificación, polo que o prazo de solicitudes rematará o día 20 de agosto e comezará ao día seguinte ao da publicación do anuncio de convocatoria no BOP da Coruña.